



O TEU LUGAR EN **PRIMEIRA**

26
27

1906

120

2026

RCDEPORTIVO.ES/ABONOS



ÍNDICE

01	PRESENTACIÓN	3
02	TIPOS DE ABONO DÉPOR	5
03	NOVIDADES	7
04	VANTAGES	10
05	PREZOS	12
06	CALENDARIO	15
07	COMO RENOVAR OU OBTER O TEU ABONO	17
08	INFORMACIÓN DE CONTACTO	20



01



PRESENTACIÓN

1906

120

2026

O TEU LUGAR EN PRIMEIRA

A tempada 2026/2027 abre unha nova etapa para o deportivismo. Despois de anos de esforzo, fidelidade e orgullo compartido, o Dépor regresa a Primeira e ABANCA-RIAZOR volve prepararse para vivir grandes partidos, grandes emocións e o mellor espectáculo deportivo.

Unha tempada en LaLiga EA SPORTS esixe máis do Club, do equipo e de todas as persoas que formamos parte desta historia. Pero tamén ofrece máis: máis partidos do máximo nivel, máis vantaxes, novas modalidades, máis opcións para seguir vinculados ao Dépor e novas ferramentas para que cada asento de #ANOSACASA siga sumando.

Ser abonado non é só ter unha localidade. É conservar a túa historia, o teu número, a túa antigüidade e o teu lugar dentro dunha comunidade que nunca deixou de crer e que agora ten moito que celebrar.



02



TIPOS DE ABONO DÉPOR

1906

120

2026

PASES DE TEMPADA

OUTROS EQUIPOS

SEN NÚMERO DE ABONO

DÉPOR ABANCA
DÉPOR FABRIL
DÉPOR ABANCA+FABRIL

SEN LOCALIDADE

PERO MANTENÉN ANTIGÜIDADE

DEPORTIVISTA
DEPORTIVISTA +
DEPORTIVISTA JR.

ABONOS

CON LOCALIDADE

XERAL
BONIFICADOS

+65 ————— 20% desconto
Persoas nadas antes do 31/12/1961.

DIVERSIDADE FUNCIONAL ————— 20% desconto

ADN BRANQUIAZUL (SUB-15) ————— 55% desconto
Persoas nadas despois do 01/01/2011.

SUB-25 ————— 40% desconto
Persoas nadas entre o 01/01/2001 e o 31/12/2010.

BANCADA PEÑA DEPORTIVISTA

OURO
VIP



03



NOVIDADES

1906

120

2026

ABANCA

ABANCA

ABANCA

ABANCA

ABANCA

UNHA TEMPADA DE PRIMEIRA EN ABANCA-RIAZOR

O regreso á LaLiga EA SPORTS converte cada partido nunha cita de máximo nivel. O abono permite vivir en #ANOSACASA unha tempada especialmente ilusionante para todo o deportivismo.

1. Máis modalidades para distintas formas de vivir o Dépor. Non todos os deportivistas viven o club da mesma maneira. Por iso, a campaña mantén e desenvolve distintas opcións: abonos con localidade, modalidades sen asento fixo e abonos bonificados.

2. Máis do 40% dos nosos abonados terán algún tipo de bonificación no prezo anual.

3. Un abono de primeira, con máis vantaxes. Este ano ser abonado do Dépor ten máis vantaxes ca nunca. O desconto nas nosas tendas duplícase e pasa a ser do 10%; tamén haberá descontos e promocións no acceso ao Dépor Museo&Tour, e poderán participar en sorteos e experiencias exclusivas como **Meet & Greet con xogadores ou Matchday VIP, ademais de todas as vantaxes adicionais que ofrecen os nosos patrocinadores e colaboradores.**

4. Dépor JR substitúe a Nen@ Dépor. A modalidade Dépor JR está pensada para que os deportivistas máis pequenos formen parte do club desde os seus primeiros anos, mantendo número de abono, antigüidade e vantaxes específicas da campaña.

5. Máis opcións para seguir vinculado aínda que non teñas asento. Esta tempada, o club crea dúas novas modalidades para quen queira seguir formando parte do RC Deportivo sen contar cunha localidade fixa en ABANCA-RIAZOR: Deportivista e Deportivista +.

- **Deportivista** está pensado para quen desexe manter o seu vínculo co club, conservando o seu número de abono e antigüidade, e desfrutando de descontos, promocións, sorteos e preferencia na compra de entradas.
- **Deportivista +** engade, ademais destas vantaxes, a prioridade para acceder a un futuro abono con localidade cando haxa dispoñibilidade. Esta modalidade substitúe a Soci@ Amig@.

6. Abono dixital na APP RCDeportivo. O abono dixital será a forma principal de levar o teu carné sempre contigo. Quen desexe carné físico poderá solicitalo durante o proceso, cun custo de 3,50 € e envío ao domicilio por Correos.

7. Vive o Dépor ABANCA e o Dépor Fabril. Xa podes seguir o Dépor ABANCA e o Dépor Fabril sen necesidade de comprar un abono simpatizante nin facerte abonado. Elixe un acceso exclusivo por só 25 € para un dos equipos ou un pase conxunto para ambos por 45 € e goza de todos os seus partidos mediante a retirada previa dunha entrada gratuíta para cada encontro, sen asento fixo asignado.

8. Compromiso de asistencia e utilización do abono. O club impulsa un sistema para que ABANCA-RIAZOR estea o máis cheo posible. Ir ao partido, ceder o abono ou liberar o asento contarán como formas válidas de uso do abono. Para os 19 partidos de LaLiga EA SPORTS na casa, establécense 15 usos válidos como referencia para acceder a condicións preferentes de renovación. [Consulta aquí toda a información.](#)

9. Liberación de asento e moeDéiro. Se non podes vir, poderás liberar o teu asento. Se o club vende esa localidade, xerarás un saldo equivalente ao 50% do prezo neto da entrada vendida, que se incorporará ao teu moeDéiro e poderá aplicarse como desconto na renovación da tempada seguinte, cos límites establecidos. Ademais, no caso de que non sexa vendido, poderás recuperalo ata 12 h antes do día de partido. Porque cada asento conta, estea o seu titular na bancada ou estea animando por el outro deportivista.

10. Financiamento ABANCA. Para facilitar a renovación ou a alta, habilítase financiamento en 3, 6, 10 ou 12 meses, con TIN 0% e comisión de estudo distribuída entre as cotas.

04



VANTAXES

1906

120

2026

	XERAL 26/27	DEPORTIVISTA +	DEPORTIVISTA	DEPORTIVISTA JR
Abono dixital na APP RCDeportivo.	✓	✓	✓	✓
Número de abono e antigüidade no club.	✓	✓	✓	✓
Asistir a todos os partidos de LaLiga EA SPORTS e da Copa del Rey que se xoguen en ABANCA-RIAZOR ademais do Trofeo Teresa Herrera. *Excluídos os cuartos de final e as semifinais da Copa do Rei.	✓	✗	✗	✓
Asistir a todos os partidos de #ANosaCanteira, excluído o Fabril, que se xoguen no Dépor Training Center de Abegondo, ata completar aforo.	✓	✓	✓	✓
Desfrutar de descontos nas tendas oficiais e na deportienda.es. *Non acumulable a outras promocións.	10%	10%	5%	5%
Tarifa especial no Dépor Museo&Tour.	✓	✓	✓	✓
Participar en sorteos exclusivos, experiencias e campañas especiais que organice o club.	✓	✓	✓	✓
Prioridade de acceso a abonos.	✓	✓	✗	✓
Desconto en entradas.	✗	10%	10%	✗
Ter preferencia na compra de entradas para os encontros que o equipo xogue no Estadio ABANCA-RIAZOR.	✓	✓	✓	✓
Ter descontos e promocións das empresas patrocinadoras e outros colaboradores do club.	✓	✓	✓	✓
Tarifas especiais nos Dépor Campus Cabreiroá, Dépor Escola e outras actividades que organice o club.	✓	✓	✓	✓
Experiencias exclusivas de tempada: sorteos Matchday VIP, camisetas y otras acciones especiales del club.	✓	✓	✓	✓
Poder liberar o asento nos partidos do Estadio ABANCA-RIAZOR.	✓	✗	✗	✗
Por tan só 20€ poderás desfrutar de todos os partidos do Dépor ABANCA da tempada 2026/27**	✓	✓	✓	✓
Por tan só 20€ poderás desfrutar de todos os partidos do Dépor Fabril da tempada 2026/27***	✓	✓	✓	✓

** Suxeito ás condicións de acceso, retirada de entrada, aforo, recinto e operativa que estableza o Club para cada encontro do Dépor ABANCA.

*** Suxeito ás condicións de acceso, retirada de entrada, aforo, recinto e operativa que estableza o Club para cada encontro do Dépor Fabril.

05



PREZOS

1906

120

2026

	ABONO XERAL		DIVERSIDADE FUNCIONAL E MAIOR DE 65 (20% DESCONTO)		SUB-25 (40% DESCONTO)		ADN BRANQUIAZUL SUB-15	
	RENOV.	ALTA	RENOV.	ALTA	RENOV.	ALTA	RENOV.	ALTA
● TRIBUNA SUPERIOR	880€	1060€	700€	850€	525€	640€	395€	490€
● TRIBUNA SUPERIOR CÓRNER	620€	755€	500€	605€	375€	455€	285€	355€
● TRIBUNA INFERIOR	800€	975€	640€	785€	485€	585€	370€	455€
● TRIBUNA INFERIOR CÓRNER	620€	755€	500€	605€	375€	455€	285€	355€
● PREFERENCIA SUP. CENTRAL	775€	940€	615€	750€	465€	565€	345€	430€
● PREFERENCIA SUP. CÓRNER	620€	755€	500€	605€	375€	455€	285€	355€
● PREFERENCIA INFERIOR	430€	525€	350€	420€	265€	315€	185€	230€
● MARATHÓN SUPERIOR	520€	625€	420€	500€	315€	380€	215€	255€
● MARATHÓN INFERIOR	360€	420€	285€	335€	215€	255€	175€	205€
● PAVILLÓN SUPERIOR	445€	530€	365€	430€	270€	320€	205€	235€
● PAVILLÓN CURVA SUPERIOR PAR	480€	565€	380€	455€	285€	345€	230€	280€
● PAVILLÓN INFERIOR	320€	380€	260€	300€	205€	230€	170€	205€
● PAVILLÓN CURVA INFERIOR PAR	360€	430€	285€	345€	220€	260€	185€	220€

DEPORTIVISTA +	65€
DEPORTIVISTA	40€
DEPORTIVISTA JR	25€
DÉPOR ABANCA	25€ *
DÉPOR FABRIL	25€
DÉPOR ABANCA + FABRIL	45€

BANCADA PEÑAS 430€ 540€

Zonas vip:
contactar con vip@rcdeportivo.es

*Prezo para persoas abonadas:
- Dépor ABANCA 20€
- Dépor Fabril 20€
- Dépor ABANCA + Fabril 35€
- HC Liceo 5€



PREZO POR MES DE TEMPADA (AGOSTO-MAIO) E PARTIDO:


PREZO POR PARTIDO	MENSUALIDADE	PREZO CONTADO
46,32€	88€	880€
32,63€	62€	620€
42,11€	80€	800€
32,63€	62€	620€
40,79€	77,5€	775€
32,63€	62€	620€
22,63€	43€	430€
27,37€	52€	520€
18,95€	36€	360€
23,42€	44,5€	445€
25,26€	48€	480€
16,84€	32€	320€
18,95€	36€	360€



06



CALENDARIO



1906

120

2026

	LUN.	MAR.	MÉR.	XOV.	VEN.	SÁB.	DOM.
XUL.26	6	7	8 RENOVACIÓN ONLINE/ TRANSF	9 RENOVACIÓN ONLINE/ TRANSF	10 RENOVACIÓN ONLINE/ TRANSF	11 RENOVACIÓN ONLINE	12 RENOVACIÓN ONLINE
	13 RENOVACIÓN ONLINE/ TRANSF	14 RENOVACIÓN ONLINE/ TRANSF	15 RENOVACIÓN ONLINE/ TRANSF	16 RENOVACIÓN ONLINE/ TRANSF	17 RENOVACIÓN ONLINE/ TRANSF	18 RENOVACIÓN ONLINE	19 RENOVACIÓN ONLINE
	20 RENOVACIÓN ONLINE/ TRANSF	21 RENOVACIÓN ONLINE/ TRANSF	22 RENOVACIÓN ONLINE/ TRANSF	23 RENOVACIÓN ONLINE/ TRANSF	24 RENOVACIÓN ONLINE	25 RENOVACIÓN ONLINE	26 RENOVACIÓN ONLINE
	27	28	29 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	30 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	31 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	1	2
AGO.26	3 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	4 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	5 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	6 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	7 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	8	9
	10 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	11 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	12 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	13	14	15 INICIO LALIGA EA SPORTS	16 INICIO LALIGA EA SPORTS
	17 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	18 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	19 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	20 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	21 CAMBIO LOCALIDADE/ MODALIDADE	22	23

- 10-27 XUL **PERÍODO RENOVACIÓN** - Exclusivamente Online / OAD Presencial só causas de forza maior ou situacións especiais.
- 30 XUL-13 AGO **PERÍODO CAMBIOS** - Localidade / Modalidade (Con cita previa)
- 16 AGO **INICIO LALIGA EA SPORTS**
- 17-21 AGO **PERÍODO CAMBIOS** - Localidade / Modalidade (Sen cita previa)
- 24 AGO **PERÍODO ALTAS NOVAS**

ABONOS 26/27



07



COMO RENOVAR OU OBTER O TEU ABONO

1906

120

2026

RENOVACIÓN ONLINE

- A forma máis rápida de renovar.
- Dispoñible na web oficial e na app dende o mércores 8 de xullo ata o domingo 26 de xullo de 2026.
- Unha vez finalizado o proceso, o carné dixital estará dispoñible na APP RCDeportivo.

RENOVACIÓN POR TRANSFERENCIA

- Dispoñible dende o mércores 8 de xullo ata o xoves 23 de xullo de 2026 ás 13:00 horas.
- Será imprescindible realizar o ingreso na conta indicada polo club e enviar o xustificante, copia do DNI, datos das persoas abonadas e asunto do correo: **RENOVACIÓN POR TRANSFERENCIA** a atencion.deportivista@rcdeportivo.es.
- Conta: ABANCA ES72 2080 0063 4230 4003 1088.

* Sen validación expresa da Oficina de Atención ao Deportivista (OAD), a renovación non se considerará completada.

** A renovación será, con carácter xeral, en liña ou por transferencia. A Oficina de Atención ao Deportivista atenderá unicamente incidencias, situacións especiais (Marathon Inferior), validacións documentais ou casos nos que o trámite non poida resolverse polas vías habituais.

*** No caso de ter marcado que desexa o abono físico, terá un custo de 3,50 € e enviaráselle ao domicilio que indique no momento de renovar a través da empresa CORREOS.

AVISO IMPORTANTE

A túa localidade estará reservada ata o domingo 26 de xullo de 2026. A partir do luns 27 de xullo, as localidades non renovadas quedarán liberadas para cambios de asento, cambios de modalidade, novas altas ou reasignacións internas do club.

CAMBIOS DE LOCALIDADE E MODALIDADE

Os días de cambio de localidade e modalidade (de abono simpatizante a abono con localidade) serán do 29 de xullo ao 12 de agosto de 2026 ás 18:00 h, exclusivamente para persoas abonadas da tempada pasada e mediante cita previa en citaprevia.rcdeportivo.es.

* Se se renova un abono e, posteriormente, a persoa titular quere cambiarse de localidade a unha bancada de inferior valor, non se devolverá a diferenza (nestes casos recoméndase non renovar ata as datas de cambio de asentos, tendo en conta que o asento anterior será liberado). Se se renova un abono e a persoa titular desexa cambiar de localidade a unha bancada de superior valor, deberá aboar a diferenza.

ALTAS NOVAS

As altas novas estarán condicionadas á dispoñibilidade de localidades, ao calendario da campaña, ás validacións internas e ao cumprimento dos requisitos establecidos polo club.

Nos supostos de alta, o club poderá esixir a verificación presencial da identidade e das condicións necesarias para acollerse a unha determinada tarifa ou modalidade. Para iso poderá requirirse a presentación do xustificante de compra e dun documento oficial de identidade con fotografía.

Cando non existan localidades dispoñibles, o club poderá habilitar modalidades sen localidade ou sistemas de lista de agarda, conforme ás regras que se publiquen para a tempada.

08



INFORMACIÓN DE CONTACTO

1906

120

2026

OFICINA DE ATENCIÓN AO DEPORTIVISTA (OAD)

Estadio ABANCA-RIAZOR
Avenida de La Habana, s/n
15011 A Coruña
Correo electrónico: atencion.deportivista@rcdeportivo.es
Teléfono: 981 259 500

SEDE SOCIAL

Estadio ABANCA-RIAZOR, Calle Manuel Murguía S/N
15011 A Coruña
Correo electrónico: deportivo@rcdeportivo.es

WEB

www.rcdeportivo.es

NOTA

A información contida neste dossier resume as principais condicións da campaña de abonos 2026/2027. En caso de contradición, prevalecerán as Condicións Xerais de Compra de Abonos, as Condicións Particulares, as condicións específicas de cada modalidade ou servizo, o Regulamento Interno do Recinto Deportivo e a normativa legal aplicable.

LIGAZÓNS DE INTERESE

[Condiciones Generales de Compra de Abonos](#)

[Condiciones Particulares de Compra de Abonos](#)

[Condiciones particulares abono Marathon Inferior](#)

[Compromiso de Asistencia y Utilización del Abono](#)

[Reglamento Régimen Interno Recinto Deportivo](#)



1906



2026

RCDEPORTIVO.ES/ABONOS